


Produto interior bruto



O PIB galego no cuarto trimestre de 2024 medrou en 0,8 puntos porcentuais respecto do anterior, o que o levou a un incremento de 2,9 puntos en termos interanuais. O PIB en España para o mesmo período medrou tamén en 0,8 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior, o que leva a variación interanual do PIB español ata o 3,4%, unha décima por baixo das previsións. Deste xeito, o incremento do PIB galego en 2024 fica no 2,8% e o do PIB español no 3,2%.

A evolución da variación porcentual do PIB interanual, representada no Gráfico 1, reflicte que, logo de que a pandemia alterase a evolución do crecemento económico dun xeito extremo -con fortes caídas do PIB interanual durante cinco trimestres consecutivos e incrementos tamén superiores ao habitual durante os nove trimestres seguintes- desde o segundo

trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser similares aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. O PIB interanual leva seis trimestres consecutivos medrando respecto do dato interanual do trimestre precedente tanto en Galicia como en España.

As previsións avanzadas para o primeiro trimestre de 2025 esperan un 0,6% de suba do PIB en España respecto do anterior trimestre e un aumento do 2,8% en termos interanuais. As previsións para Galicia neste período non están dispoñibles ao peche da elaboración deste Boletín.

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2018-2024

	% (TT-4)	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24	4T24
Galicia		3,4	1,2	-8,4	8,8	4,5	2,2	2,8	3,5	3,8	3,0	3,4	2,4	1,2	0,8	0,4	-3,8	-18,3	-6,1	-5,1	0,0	20,5	7,5	7,4	6,2	5,7	3,2	2,9	3,4	1,4	1,8	2,2	2,6	2,6	2,9	2,9
España		2,4	2,0	-11,2	7,3	6,2	2,4	3,2	2,7	2,3	2,3	2,2	2,4	2,1	1,7	1,7	-4,2	-21,5	-9,1	-9,0	-2,9	19,8	5,4	6,7	6,9	7,3	6,1	4,6	2,4	2,2	2,3	2,7	2,7	3,3	3,3	3,4

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 2: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior Diferenza	Porcentaxe	Variación mesmo trimestre ano anterior Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.261,1	-1,6	-0,1	1,8	0,1
España	24.554,5	101,2	0,4	326,7	1,3

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2025 estima unha redución da poboación activa galega de -1.600 persoas (o 0,1%) respecto do trimestre anterior, mentres que en España a estimación foi dun crecemento do 0,4%, logo de que a poboación activa aumentase en 101.200 persoas. Con respecto

do primeiro trimestre de 2024 tanto a poboación activa galega (0,1%) como a española (1,3%) amosaron crecemento, aínda que o crecemento da poboación activa galega foi o menor dos últimos catro anos.

O número de persoas ocupadas en Galicia diminuíu en -3.200 respecto das estimadas no pasado trimestre (o -0,3%), redución inferior á redución media española, que foi do -0,4%, logo de que a ocupación en España diminuíra en -92.300 persoas. Respecto do primeiro trimestre de 2024 recóllense incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 22.400 (o 2,0%) como en España, onde o fixeron en 515.400 (o 2,4%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no primeiro trimestre de 2025 ata o 48,3%, inferior en seis décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e en 3,6 puntos porcentuais á taxa do 51,9% rexistrada en España neste trimestre, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España aumentou en dúas décimas respecto do trimestre anterior.


Para rematar coa análise da EPA, e polo que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia produciuse un incremento do paro no trimestre de 1.600 persoas, o 1,4% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España aumentou no trimestre nun total de 193.700 persoas paradas máis (o 7,5%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro baixou en Galicia en termos interanuais en -20.600 persoas, o que supón unha redución interanual do paro do -15,7%, descenso moi superior ao rexistrado en España, onde a redución do paro respecto ao primeiro trimestre de 2024 foi de -188.700 persoas (o -6,3%). Deste xeito a taxa de paro en Galicia fica no 8,8% mentres que a española pasou a ser do 11,4%.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2025

1T25	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	121.320	120.977	119.155	2.482	-343	-1.822	2,1%	-0,3%	-1,5%	-9.781	-9.606	-9.856	-7,5%	-7,4%	-7,6%
Homes	51.237	50.910	50.085	559	-327	-825	1,1%	-0,6%	-1,6%	-3.303	-4.045	-4.574	-7,1%	-7,4%	-8,4%
Mulieres	70.083	70.067	69.070	1.923	-16	-997	2,8%	0,0%	-1,4%	-5.878	-5.561	-5.282	-7,7%	-7,4%	-7,1%
<30 anos	13.909	14.057	13.873	808	148	-184	6,2%	1,1%	-1,3%	-594	-612	-524	-4,1%	-4,2%	-3,6%
entre 30 e 44 anos	33.611	33.388	32.638	934	-223	-750	2,9%	-0,7%	-2,2%	-3.069	-3.489	-3.338	-9,8%	-9,5%	-9,3%
>44 anos	73.800	73.532	72.644	740	-268	-888	1,0%	-0,4%	-1,2%	-5.518	-5.505	-5.994	-7,0%	-7,0%	-7,6%
Agricultura e Pesca	3.768	3.705	3.610	-1	-63	-95	0,0%	-1,7%	-2,6%	-553	-547	-574	-12,8%	-12,9%	-13,7%
Industria	11.550	11.351	11.097	18	-199	-254	0,2%	-1,7%	-2,2%	-1.359	-1.434	-1.632	-10,5%	-11,2%	-12,8%
Construción	7.798	7.718	7.526	-31	-78	-192	-0,4%	-1,0%	-2,5%	-1.111	-1.041	-1.199	-12,5%	-11,9%	-13,7%
Servizos	87.207	86.974	85.632	2.435	-233	-1.342	2,9%	-0,3%	-1,5%	-6.474	-6.326	-6.168	-6,9%	-6,8%	-6,7%
Sen emprego anterior	10.999	11.229	11.290	61	230	61	0,6%	2,1%	0,5%	-284	-258	-293	-2,5%	-2,2%	-2,5%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Xunta de Galicia

Os Boletíns mensuais do paro rexistrado indican que no primeiro trimestre de 2024 o paro rexistrado incrementouse en 317 persoas, o que supuxo un incremento menor ao 0,1% respecto do derradeiro trimestre de 2024 logo de que o incremento do paro rexistrado en xaneiro fose compensado case por completo polas reducións de febreiro e marzo. En comparación coa situación ao remate do primeiro trimestre de 2024 a redución rexistrada acadou o -7,6%, inferior en seis décimas á redución rexistrada tres meses antes. Así, o Gráfico 2, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado e no cal os meses dos primeiros trimestres aparecen sinalados na cor laranxa- indica que o paro rexistrado leva 48 meses consecutivos de redución interanual e tamén



primeiro trimestre de 2024 o aumento foi de catro décimas (57,6% naquel trimestre).

Se atendemos á evolución en función do grupo de idade respecto do trimestre anterior o dato máis destacado foi o forte incremento do paro rexistrado entre os menores de 30 anos no mes de xaneiro (por riba do 6%), máis intenso do habitual nun mes que adoita a amosar incrementos para todos os grupos. Polo demáis o trimestre seguiu a pauta habitual, cos mencionados incrementos do paro rexistrado en xaneiro e reducións en marzo, mentres que en febreiro o paro rexistrado subiu entre os menores de 30 e baixou para o resto. En termos interanuais, e tal e como ven de acontecer en anteriores trimestres, a redución do paro rexistrado máis acusada produciuse entre as persoas de entre 30 e 44 anos de idade, único grupo no cal a redución foi superior á redución media observada para cada mes, mentres que os de 45 e máis anos ficaron por baixo da media pero preto dela e a redución entre os menores de 30 foi inferior á redución media interanual rexistrada en entre tres e catro puntos porcentuais.

Respecto do paro rexistrado nos distintos sectores de actividade, a evolución foi moi similar á típica nos primeiros trimestres. Así, e atendendo á evolución mes a mes, o incremento do paro de xaneiro debeuse case por completo ao sector servizos, con subas cativas tamén na industria e entre o grupo de persoas sen emprego anterior. Este último grupo foi o único no que se rexistraron incrementos do paro para cada mes do trimestre. Pola contra o paro rexistrado baixou en cada mes do trimestre nos sectores agrícola-pesqueiro e no da construción. Ningunha redución ou incremento superou o límite do 3% de variabilidade para ningún sector ou mes. Respecto do acontecido fai catro trimestres as reducións no paro rexistrado no sector primario mantivéronse entre -12% e -14% mentres que as reducións interanuais na industria e na construción mantivéronse en valores similares aos amosados fai tres meses e superaron sempre o -10% en cada mes. As reducións no sector servizos, o máis numeroso, ficaron por baixo do -7% e o grupo de persoas sen emprego anterior continuou a ser o de peor evolución con reducións inferiores en 5 puntos á redución media para cada mes do trimestre.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2025

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
1T25	148.467	-25.398	-14,6%	-3.876	-2,5%
Homes	76.270	-10.036	-11,6%	-3.575	-4,5%
Mulleres	72.197	-15.362	-17,5%	-301	-0,4%
<30 anos	49.965	-11.871	-19,2%	915	1,9%
entre 30 e 44 anos	53.712	-7.028	-11,6%	-4.155	-7,2%
>44 anos	44.790	-6.499	-12,7%	-636	-1,4%
Indefinido	51.687	-4.235	-7,6%	-2.211	-4,1%
Temporal	95.787	-19.397	-16,8%	-1.397	-1,4%
Prácticas / Formación	828	-1.789	-68,4%	-200	-19,5%
Outros	165	23	16,2%	-68	-29,2%
Agricultura e Pesca	4.828	-121	-2,4%	-180	-3,6%
Industria	24.978	-622	-2,4%	320	1,3%
Construción	7.330	1.493	25,6%	-117	-1,6%
Servizos	111.331	-26.148	-19,0%	-3.899	-3,4%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

diminuíu tanto entre os homes como entre as mulleres, pero mentres que nos homes o número de novos contratos asinados o fixo en máis do -4%, no caso das mulleres esa redución ficou lonxe do -1%.

Por rangos de idade o grupo con maior variabilidade -tanto positiva como negativa- na sinatura de novos contratos adoita a ser o de menores de 30 e isto aconteceu de novo neste trimestre logo de que a redución de novas sinaturas neste rango de idade superase en preto de cinco puntos a redución media, redución que superou o -10% en cada grupo de idade. Porén, a comparación co sucedido fai catro trimestres sinala que o grupo de menores de 30 foi o único no que o número de novos contratos aumentou, mentres que a redución máis intensa volveu a darse no grupo de idade intermedia, único no que dito número reduciuse por riba da redución media.

Os distintos sectores de actividade amosaron un comportamento dispar. Así, a construción foi o único sector que amosou crecemento no número de novos contratos e o fixo con forza, logo de superar o 25% de novas sinaturas. A nota negativa veu da man do sector servizos no que a redución de novos contratos ficou no -19% e superou en termos absolutos á redución total de novos contratos, con reducións máis cativas nos sectores primario e industrial. Respecto do primeiro trimestre de 2024 a industria foi o único sector con incremento de nova contratación, que reduciuse por riba da media no sector agrícola-pesqueiro e no da construción

A sinatura de novos contratos diminuíu en todos os tipos de contrato salvo os cualificados como Outros, destacando a forte redución producida entre os de Prácticas / Formación que caeron en máis de dous terzos, e os temporais que o fixeron en preto do -17%. Con respecto ao sucedido no primeiro trimestre de 2024 o número de novos contratos asinados reduciuse en cada tipo de contrato e foron os temporais os únicos que o fixeron por baixo da redución media, cunha redución un pouco por riba do -1%.

	Afilación media mensual 1º trimestre 2025 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	1.067.089	1.071.897	1.079.396	-12.484	4.808	7.499	-1,16%	0,45%	0,70%	16.559	16.930	17.801	1,58%	1,60%	1,68%
España	21.095.814	21.196.154	21.357.646	-242.148	100.340	161.492	-1,13%	0,48%	0,76%	491.053	487.772	455.679	2,38%	2,36%	2,18%


Fonte: IGE Informe de afiliación a Seguridad Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)

que dita redución foi similar ás rexistradas nos dous trimestres precedentes, logo de que as porcentaxes de redución se mantiveran mes a mes entre o -7,4% e o -7,6%.

A evolución por sexos do paro rexistrado foi máis favorable entre os homes en xaneiro e febreiro mentres que en marzo reflectíronse maiores reducións entre as mulleres. En conxunto o paro rexistrado reduciuse entre os homes no trimestre e aumentou entre as mulleres, cun aumento do diferencial entre os dous grupos de máis de 1.500 persoas. Isto levou a diferenca entre o número de mulleres e o de homes que se rexistran como parados a preto das 19.000 persoas, o que en termos porcentuais eleva a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas en seis décimas para ficar no 58,0%, fronte ao 57,4% co que se pechou o pasado trimestre. Con respecto do

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses de xaneiro a marzo de 2025 recollen a sinatura de 148.467 novos contratos, número menor en preto do -15% ao de contratos asinados entre outubro e decembro. En termos interanuais a contratación diminuíu por riba do -2%, o que supón unha nova diminución da contratación logo de dous trimestres de alza.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenca entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres foi de máis de 5.300 novos contratos a favor deles (51,4% do total asinado fronte ao 48,6%). Na comparanza cos datos do cuarto trimestre de 2024 o número de contratos novos



A **afiliación media** en Galicia pecha o primeiro trimestre de 2025 cunha **redución** no número de afiliacións de menos de duascentas persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, despois de que o descenso da afiliación media de xaneiro (-1,2%) fose case compensado polos incrementos producidos en febreiro e marzo. As variacións rexistradas aliñanse coas do conxunto de España ata tal punto que, tras os datos recollidos en marzo, as subas e baixas mes a mes da afiliación media en España e en Galicia diverxeron en menos dunha décima de punto porcentual en cada mes.

O *Gráfico 3* recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a crecer en Galicia e acada os 45 meses consecutivos de crecemento. O ritmo de crecemento da

afiliación media rexistrada mantívose en liña cos vistos no derradeiro trimestre de 2024 ao manterse na contorna do 1,6%. O ritmo de crecemento da afiliación media diminuíu lixeiramente en España, polo que o diferencial da taxa de incremento interanual respecto de España reduciuse en tres décimas e pecha marzo en 0,5 puntos porcentuais.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Decembro 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	1.148	1.117	-2,7	24	33	37,5	7	7	0,0	1.179	1.157	-1,9
Pesca	673	619	-8,0	30	25	-16,7	3	7	133,3	706	651	-7,8
Industria	6.972	6.713	-3,7	67	70	4,5	8	9	12,5	7.047	6.792	-3,6
Construción	4.148	4.147	0,0	103	108	4,9	10	12	20,0	4.261	4.267	0,1
Servizos	13.919	14.078	1,1	140	177	26,4	22	23	4,5	14.081	14.278	1,4
Total	26.860	26.674	-0,7	364	413	13,5	50	58	16,0	27.274	27.145	-0,5

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Decembro 2023/2024)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var	2023	2024	% Var
Agricultura	3.488,3	3.447,6	-1,2	72,9	101,8	39,6	21,3	21,6	1,6	3.582,5	3.571,0	-0,3
Pesca	3.976,4	3.861,0	-2,9	177,3	155,9	-12,0	17,7	43,7	146,2	4.171,4	4.060,6	-2,7
Industria	4.756,8	4.526,6	-4,8	45,7	47,9	4,7	5,5	6,1	11,2	4.807,9	4.580,5	-4,7
Construción	5.152,0	5.098,8	-1,0	127,9	132,8	3,8	12,4	14,8	18,8	5.292,3	5.246,3	-0,9
Servizos	1.841,3	1.826,8	-0,8	18,5	23,0	24,0	2,9	3,0	2,4	1.862,7	1.852,8	-0,5
Total	2.600,5	2.543,5	-2,2	35,2	39,5	12,0	4,8	5,5	14,3	2.640,6	2.588,5	-2,0

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

dos rexistrados en 2023 coa excepción do agrícola, sector no que se mantiveron igual.

Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento pero a diminución xeral acadou o -2% no ano o cal supón una mellora nos datos respecto dos valores absolutos (maiores reducións e menores aumentos da sinistralidade) do -1,5%.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2024)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	39	9	6.381	-6.012	12.662	-6.996
España	707	-71	231.739	-63.021	703.178	-284.951

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo y Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

número de horas non traballadas como o número de persoas traballadoras participantes. Deste xeito, o número de folgas en Galicia pasou de 30 a 39 mentres que o de xornadas non traballadas baixou en máis do -35% e o de participantes diminuíron en preto do -50%. En España todos os valores destes parámetros indican unha redución da conflitividade: o número de folgas se reduciu en máis dun -9% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo por riba do -27%, mentres que as xornadas non traballadas se reduciron en preto do -29% fronte ao acontecido no ano 2023.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2023-2024)

	TOTAL			DESPEDIMENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE JORNADAS		
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %
Galicia	9.987	-4.885	-33%	1.838	211	15%	8.010	-5.428	-40%	321	-94	-23%
España	189.203	8.064	4%	37.372	3.938	12%	143.089	-28.975	-17%	8.742	-760	-8%

(Datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo y Economía Social nas súas Estadísticas de expedientes de regulación de emprego)

expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada no parágrafo anterior, os despedimentos colectivos aumentaron un 12% en España e aínda con máis forza en Galicia (o 15%), porcentaxes de incremento que corroboran as tendencias xa observadas en 2023 pero que son inferiores aos que se viñeron rexistrando ao longo deste ano. Foron os ERE de redución de xornadas (-23% en Galicia e -8% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por estes expedientes.

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE para o cuarto trimestre de 2024 sitúa o valor medio do custo laboral por

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
2024	2.808,4	5,2	22,1	5,1	2.055,3	5,3	16,2	3,7
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.062,8	5,0	15,6	3,7
3T24	2.752,6	5,1	22,9	8,4	1.997,0	5,0	16,6	8,4
4T24	2.947,4	4,5	23,3	3,2	2.195,8	4,8	17,4	3,5

Fuente: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

medrou en seis décimas de punto porcentual ata ficar no -10,1%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva no cuarto trimestre do ano en Galicia medraron respecto aos do primeiro trimestre anterior nun 3,2% e nun 3,5% respectivamente. No caso de España tamén o fixeron, aínda que en porcentaxes inferiores (o 2,6% os custos laborais e o 2,5% no caso dos custos salariais). Deste xeito e a diferenza do que acontecera no pasado trimestre, tanto en Galicia como en España os incrementos porcentuais dos custos laborais e salariais por persoa traballadora e mes foron superiores aos incrementos porcentuais por hora efectiva rexistrados.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2025

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.121	111.389,3	102	228,9%	-134	30,7%
Sociedades que ampliaron capital	336	200.197,1	76	200,4%	11	31,2%

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

capital invertido nas sociedades constituídas no terceiro trimestre (de preto do 230%) e un aumento máis cativo pero tamén destacable do capital invertido nestas novas sociedades (por riba do 30%). O número de sociedades que ampliaron capital tamén aumentou, tanto respecto do derradeiro trimestre de 2024 como do primeiro dese ano, con incrementos de preto do 30% e por riba do 3% respectivamente. Se atendemos ao capital ampliado, este aumentou con respecto do anterior trimestre nun 200% e no 31% con respecto ao que acontecera fai catro trimestres.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2025

	1T25	4T24	1T24
Sociedades disolvidas	553	435	559
Sociedades que redución capital	93	71	96
Sociedades en situación concursal	92	70	60

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

e aínda máis respecto do acontecido fai catro trimestres, cun incremento de sociedades que entraron en concurso superior ao 53%. Rexistráronse cinco procesos de escisión de empresas, un máis que no trimestre anterior e os mesmos que no primeiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión ficaron en 18 fronte aos 23 do terceiro trimestre do ano e os 21 de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar primeiro trimestre de 2025, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu seis ditames sobre normativa laboral autonómica, dous máis dos emitidos durante o primeiro trimestre de 2024.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que ata o 31.03.2025 tiveron entrada no AGA 28 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 13 menos das que foron recibidas no primeiro trimestre do ano pasado. Entre as 15 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (nove menos que no mesmo período de 2024), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 66,7%. Así mesmo, durante este período proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes tres meses tiveron lugar na sede do Consello 19 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 10 Convenios colectivos de sector.

Para rematar, e no que atinxe a nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre tivo lugar na sede do Consello un Seminario formativo dirixido a cadros empresariais e sindicais sobre as medidas para a igualdade non discriminación das persoas LGTBI nas empresas

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>